

Martes, 30 de maio de 2023

Núm. 102

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

POIO

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO ENXEÑEIRO/A SUPERIOR (PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO). CONCELLO DE POIO

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 2023-0474.- MODIFICACIÓN TRIBUNAL CUALIFICADOR PROCESO SELECTIVO, PARA A PROVISIÓN MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, DE UNHA PRAZA VACANTE DE ENXEÑEIRO/A SUPERIOR, CORRESPONDENTE Á OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO 2022, POLA QUENDA LIBRE.

Mediante Resolución da Alcaldía número 2023-0399, de data 28 de abril de 2023, acordouse modificar a composición do Tribunal designado no proceso selectivo de Enxeñeiro/a Superior, e así nomear aos seus compoñentes atendendo a garantir a maioría da súa composición coa titulación igual ou superior á exigida para o ingreso, esta Alcaldía no uso das facultades que ten atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVE

PRIMEIRO.- Proceder á modificación do Tribunal designado mediante Resolución da Alcaldía número 2023-0336, da maneira que se detalla a seguir:

Presidente/a titular: María del Mar González Estévez, Enxeñeira de Camiños, Canales e Portos da Deputación Provincial.

Presidente/a suplente: Juan Antonio Lorenzo Ramírez, Técnico de Administración Xeral adscrito ao ORAL.

Vocal titular: Consuelo de la Peña Costoya, Secretaria Accidental do Concello de Poio.

Vocal suplente: Cruz Farto Justo, Técnica de Administración Xeral do Centro Príncipe Felipe.

Vocal titular: César Paredes Rodríguez, Xefe de Sección de Proxectos e Obras do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Vocal suplente: Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Deputación de Pontevedra.

Vocal titular: Eduardo Artime Rial, Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Martes, 30 de maio de 2023

Núm. 102

Vocal suplente: Sara Piñón Esteban, Arquitecta do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial.

Secretario titular: Sergio Rodríguez Pérez, Tesoureiro do Concello de Poio.

Secretario suplente: Jacobo Barreiro Pimentel, Secretario do Concello de Baiona.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.-Fixar como data de constitución do Tribunal o vindeiro día 6 de xuño de 2023, ás 10:30 horas na Casa do Concello de Poio.

Unha vez constituído o Tribunal cualificador procederá á valoración dos méritos dos aspirantes admitidos.

TERCEIRO.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e, de forma complementaria na Sede Electrónica do Concello.

Asinado dixitalmente á marxe na data indicada.

O Alcalde:

Luciano Sobral Fernández

